

## VALORACIÓN DE MÉRITOS

A valoración dos méritos para a adxudicación de postos de traballo efectuarase conforme ao seguinte baremo:

### A) BAREMO XERAL: 19 PUNTOS

Aplicable a todas as modalidades de concurso

#### A.1 GRAO PERSOAL CONSOLIDADO: máximo 2 puntos

NIVEIS	PUNTOS
12	0,10
13	0,15
14	0,20
15	0,30
16	0,40
17	0,50
18	0,60
20	0,80
21	0,90
22	1,00
23	1,10
24	1,20
25	1,40
26	1,60
28	1,80
30	2,00

Puntuarase o grao persoal consolidado, agás nos seguintes casos que se puntuará polo nivel mínimo da escala á que pertenza o/a funcionario/a:

- Cando o grao consolidado sexa inferior ao nivel mínimo da escala
- Naqueles casos nos que o/a funcionario/a non teña ningún grao consolidado

#### A.2 VALORACION DO TRABALLO DESENVOLVIDO - EXPERIENCIA XENÉRICA: máximo 6 puntos

Por cada ano completo ou fracción mensual en cada tramo de niveis

TRAMO DE NIVEL	PUNTUACIÓN POR ANO	PUNTUACIÓN POR MES
Ata o nivel 16	0,15	0,0125
17-20	0,25	0,0208
21-24	0,35	0,0292
25-27	0,45	0,0375
28-30	0,55	0,0458

O traballo desenvolvido en adscrición provisoria valorarase segundo o nivel do posto que se ocupe nesta situación.

Aos/ás funcionarios/as destinados/as nun posto adscrito a unha escala inferior á que pertencen valoraráselles o nivel mínimo correspondente á súa escala.

**A. 3 CURSOS DE FORMACIÓN ADMINISTRATIVA DE CARÁCTER XERAL:** máximo 2 puntos.

Cursos de aproveitamento ou aptitude iguais ou superiores a 40 h. lectivas	0,50 puntos
Cursos de aproveitamento inferiores a 40 h. lectivas	0,30 “
Cursos con diploma de asistencia iguais ou superiores a 40 h.	0,10 “
Cursos con diploma de asistencia inferiores a 40 h.	0,05 “
Curso de iniciación ao galego	0,30 “
Curso de perfeccionamento de galego	0,70 “
Cursos impartidos iguais ou superiores a 40 h. lectivas	0,50 “
Cursos impartidos inferiores a 40 h.	0,30 “
Cursos impartidos inferiores a 30 h.	0,20 “
Cursos impartidos inferiores a 20 h.	0,10 “
Cursos impartidos inferiores a 10 h.	0,05 “

Valoraranse os cursos de formación, sempre que sexan de formación administrativa ou teñan relación coas funcións propias dos postos convocados. Ademais, deberán ser impartidos por escolas e centros oficiais de Administración Pública e, os de galego, estar homologados polo órgano correspondente da Administración Autonómica.

De valorarse o curso de perfeccionamento de galego non se valorará o de iniciación, igualmente no caso de cursos de aproveitamento e de asistencia e de cursos impartidos. En ningún caso o mesmo curso poderá puntuar dúas veces.

Nos cursos nos que non figure o número de horas, a puntuación farase pola mínima de asistencia ou aptitude segundo o curso de que se trate.

**A. 4 ANTIGÜIDADE:** máximo 3 puntos

ANTIGÜIDADE	PUNTUACIÓN POR ANO	PUNTUACIÓN POR MES
Universidades	0,20	0,0167
Administracións públicas	0,10	0,0083

**A.5 GRUPO. SUBGRUPO:** máximo 4 puntos

GRUPO	SUBGRUPO	PUNTOS
A	A1	3,00
	A2	2,25
C	C1	1,50
	C2	0,75
Por cada corpo ou escala anterior na que se prestaron servizos		0,10

**A. 6 TITULACIÓN:** máximo: 2 puntos.

Certificado de Escolaridade ou equivalente	0,50 puntos
Graduado Escolar, FP 1 ou equivalente	0,80 “
Bacharelato Superior, FP 2 ou equivalente	1,10 “
Diplomatura ou equivalente	1,40 “

Licenciatura ou equivalente	1,70 “
Doutoramento	2,00 “

Puntuará sempre unha soa titulación como mérito xeral e non se valorarán as titulación académicas imprescindibles para a consecución doutras de nivel superior que se aleguen como méritos.

As equivalencias de titulacións serán as establecidas polo Ministerio, debéndose citar a disposición na que se establece a equivalencia e o BOE no que se publica.

## B) BAREMO ESPECÍFICO: 11 PUNTOS

Aplicable aos postos singularizados dos niveis 22 ao 30, ambos os dous incluídos.

### B. 1 CURRICULUM: máximo 6 puntos.

Presentarase debidamente documentado, cando se concursa a postos de nivel 22 ou superiores, e consistirá no seguinte:

Cursos específicos con aproveitamento ou aptitude iguais ou superiores a 40 h.	1,00 puntos/curso
Titulación específica relacionada co posto ao que se aspira.	0,50 puntos/titulación
Idiomas (con título de grao superior ou especialización)	0,40 puntos/idioma
Idiomas (con título de grao medio)	0,20 puntos/idioma

O coñecemento de idiomas acreditarase por medio de títulos expedidos por centros oficiais ou homologados.

Experiencia no posto que se ocupa na actualidade, explicitada e valorada a través dunha memoria: máximo 2 puntos, de acordo coa seguinte desagregación:

- Análise das tarefas, responsabilidades, requisitos: .....ata 1 punto
- Condicións e medios necesarios para o desempeño do traballo: .....ata 1 punto

No caso de que se desempeñase máis dun posto no ano inmediatamente anterior á data de remate do prazo de presentación de solicitudes, a memoria elaborárase sobre o posto que se ocupou durante maior tempo nese período.

A extensión máxima desta memoria será de 3 folios por unha soa cara, coas marxes esquerda, dereita, superior e inferior non inferiores a 2,5 cm. O interlineado será dobre e o tamaño de letra non deberá ser inferior a 8.

### B. 2 MEMORIA DO POSTO AO QUE SE OPTA: máximo 3 puntos.

Presentarase para cada posto ao que se concursa a partir do nivel 22 e consistirá no seguinte:

Análise das tarefas, responsabilidades e dos requisitos	2 puntos máximo
Condicións e medios necesarios para o desempeño (coñecementos profesionais, estudos, experiencia, etc. que deberá reunir o/a candidato/a)	1 punto máximo

A extensión máxima desta memoria será de 5 folios por unha soa cara, coas marxes esquerda, dereita, superior e inferior non inferiores a 2,5 cm. O interlineado será dobre e o tamaño de letra non deberá ser inferior a 8.

A **puntuación mínima** para superar a devandita memoria será de **1 punto**.

A descripción dos principais contidos e tarefas dos postos para os que se require a presentación de memoria, poderá ser consultada polos/as aspirantes que concursan a eles no Servizo de Planificación e Programación de PAS.

A Comisión adoptará as medidas oportunas para garantir que a valoración da memoria se leve a cabo sen que se coñeza a identidade dos/as aspirantes.

Para os efectos do anterior os/as solicitantes, xunto coa instancia e o resto da documentación, deberán presentar esta memoria **nun sobre grande, tamaño 260x360mm. pechado e sen ningún tipo de identificación no que apareza só o membrete da USC**. Dentro deste sobre incluírase, ademais do texto da memoria grampado e sen ningún tipo de encanutillado ou encadernación, un segundo sobre pechado e tamén sen identificación, dentro do cal o/a aspirante indicará os seus datos persoais.

### **B. 3 ENTREVISTA PERSOAL: máximo 2 puntos**

Versará sobre os méritos específicos adecuados ás características do posto e, de ser o caso, sobre a memoria.

A Comisión Avaliadora poderá decidir non entrevistar aos/as aspirantes que non acadaran a puntuación mínima esixida para superar a memoria.

A convocatoria para a realización da entrevista poderase facer mediante publicación nos taboleiros, por correo electrónico, fax ou calquera outro medio que permita a súa constancia no expediente.

A valoración dos méritos dos puntos B.2 e B.3 (memoria e entrevista), deberá efectuarse mediante puntuación obtida coa media aritmética das outorgadas por cada un dos membros da Comisión Avaliadora, debendo rexeitarse, para estes efectos, a máxima e a mínima concedidas ou, no seu caso, unha das que aparezan repetidas como tales. As puntuacións outorgadas, así como a valoración final, deberán reflectirse na acta que se levantará ao efecto.